



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN DO 10 DE FEBREIRO DE 2015

Sesión: Ordinaria

Lugar: Salón de Graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Data: 10 de febreiro de 2015

Hora de comezo: 12:50 h.

Hora de remate: 15:06 h.

ASISTENTES:

Campanini Caffaro Micaela

Cid Rodríguez Tania

Corbacho Valencia Juan Manuel

Dopico Aneiros Dolores

Fariña Rivera Francisca

García-Pintos Escuder Adela

García Soidán José Luis

Lantarón Caeiro Eva María

López Rubianes Lucrecia

Mato de la Iglesia Salustiano

Meana Juan Carlos

Mollinedo Lois Carlos

Prieto Troncoso Javier José

Picos Martin Juan

Torres Romay Emma



ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:

González Dopazo Lois

Iglesias Besada Sara

Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

ORDE DO DÍA:

1: Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

Apróbanse por asentimento dos presentes.

2: Informe do Presidente.

O Sr. Reitor informa sobre as implicacións do Decreto “Wert”, dicindo que se elaborou sen medidas de información previas, nin obxectivos claros. Este decreto para algunhas universidades suporá un aumento das taxas académicas. A este respecto o Sr. Reitor sinala, que despois de reunirse coa Xunta de Galicia e as outras universidades galegas, se optou por manter os prezos actuais das matrículas nas universidades galegas.

O Sr. Reitor informa sobre as becas propias e complementarias, así como para o caso de alumnos que fosen afectados por cambio de criterios na concesión de algunha beca, se realizaría unha convocatoria específica.

O Sr. Reitor informa que sobre a estrutura e duración dos estudos universitarios, se opta por una flexibilización do cumprimento do Decreto, que aínda que hai que cumprilo, acordouse unha moratoria, establecendo prazos para a súa implantación definitiva, que foi aprobada por tódalas universidades públicas e a maioría das privadas. Esta moratoria activa permitirá comparar os sistemas europeos, así como avaliar a implantación do sistema específico 4+1 para cada titulación, e comparala por países e establecer así a súa homologación para intentar harmonizala internacionalmente. Para este proceso estableceranse prazos para que as universidades reflexionen cos profesionais, estudantes, centros, profesores, sectores sindicais, colexios profesionais, etc. Unha vez feita a



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



reflexión, e coa información recollida a través dos reitores das universidades, estableceranse as reunións correspondentes para a toma de decisións co Ministerio, pero todos estes cambios non afectarían ata o curso 2016-17.

O Sr. Reitor informa sobre o permiso para o acceso dunha universidade privada, partindo da CESUGA, que era unha franquicia dunha universidade irlandesa, que foi comprada pola universidade privada San Jorge que presentou un plan de viabilidade ante o Consello Nacional de Universidades que a valorou negativamente. Pero nese intermedio aprobouse a Lei Galega de Universidades, para regular a iniciativa privada sobre a creación de universidades, na que o goberno galego pode aprobar a súa creación, pese a oposición das universidades públicas galegas. E así foi aprobado polo Concello da Xunta de Galicia. Deste xeito e despois de acreditar a súas titulacións no Consello Nacional de Universidades, impartiría as titulacións de: ADE, Arquitectura, Tradución e Comunicación Intercultural e Publicidade e Relacións Públicas. Neste momento esas titulacións teñen que adaptarse e pasar polos mesmos filtros académicos de calidade que as titulacións públicas, e tamén teñen que deseñar os títulos e planear o seu desenvolvemento, e envialo a Axencia Nacional da Calidade (ANECA), para que cumpran os mesmos requisitos que o resto das titulacións do estado.

O Sr. Reitor felicita a Facultade de Belas Artes por aprobar o seu proceso de acreditación perante a ANECA.

O Sr. Reitor tamén felicita o alumnado e profesorado de Deseño e Moda polo premio 'Talent and Co', organizada pola empresa Trendipia.

O Sr. Reitor expón as primeiras actividades do Campus CREA, mediante a constitución dos distintos comités, na sesión do día 10-02-2015, e as áreas de traballo e accións seguintes:

Área de investigación a cargo da profesora Ángeles Parrilla Latas: na que se elaborará o mapa de capacidades específicas do campus, para definir os distintos "clusters" relacionados co Campus Crea. Proxectos I+D e captación de talento.

Área de comunicación e internacionalización a cargo do profesor Alberto Dafonte Gómez: que elaborará as propostas para reconducir o campus cara a creatividade e a innovación e o benestar. Protección da marca CREA® (web, rexistros, etc.)

Área de emprendemento e transferencia a cargo do profesor Juan Picos Martín. Inclúe accións específicas para vincularse coa sociedade e para estimular a creatividade local de Pontevedra e do entorno, co Campus CREA.

Área de cultura a cargo do profesor Ignacio Barcia Rodríguez para aproveitar as iniciativas locais e espazos, para crear e centralizar áreas de referencia, que atraian



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



e centralicen as industrias creativas, incubadoras de empresas (Fondos FEDER), spin-offs, investigación, etc. Así como espazos e locais culturais existentes, para xerar produtos de cara a competir na convocatoria Europa-Creativa, e obter recursos de financiación.

A continuación o Vicerreitor comenta as actuacións e proxectos, que estanse a desenvolver no campus de Pontevedra:

No tema da captación estase a traballar para a feira EDUGAL, de forma que exista un local institucional con representación das titulacións do campus de Pontevedra, especialmente da Escola de Enxeñería Forestal.

Organizar semanas de portas abertas en colaboración co SIOPE, para que acuda o alumnado dos institutos ós distintos centros da UVIGO en Pontevedra.

Organizar un concurso de redacción, para o alumnado dos institutos, co título “Coñece a túa universidade”

Se invitarán ós representantes dos institutos dos centros premiados, ó día de Santo Tomé.

Se estableceu para o 24 de febreiro, unha reunión coas delegacións dos alumnos de tódolos centros do campus de Pontevedra.

Obras:

Urxente: O tratamento da auga na Escola Infantil do Campus

Belas Artes: ventilación do taller de pintura.

Presuposto de mellora accesos ós centros do Campus de cara a crear o Green-Campus.

Estase a concretar o apoio a RENFE e Fomento, para o apeadeiro do tren, “Transporte saudable”.

Cultura:

Sala Karma, achegamento a sociedade pontevedresa.

Contacto co Instituto francés para colaboración.

Colaboración co Concello de Pontevedra co TANGRAM 2015 (De bruxas e bolboretas, cine con consciencia, Prismas da Cidade).

TANGRAM 2014, premio boas prácticas, material sustentable, para competir en Francia.

Campus Universitario, os centros do campus acollerán a distintos políticos en campaña.



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo



Fomentar a utilización do logo dos “25 Anos” da UVIGO, no campus de Pontevedra.

Surfing the Lérez.

Cantos da Taberna e Xogos populares.

Conferencias de distintos profesionais.

Coro do Campus, campaña de captación.

Conversas na Uvigo

3. Aprobación se procede, da oferta de obradoiros de extensión universitaria para o segundo cuadrimestre do ano académico 2014-15(achégase folleto):

Aprobación dos seguintes obradoiros:

Fotografía publicitaria e de moda

Iniciación ao teatro

O corpo como medida: o espazo e o tempo ante o espectador

A comunicación cultural a través das redes sociais

Construción de instrumentos musicais. Didáctica de organoloxía e material reciclado

Obradoiro de técnica vocal

Obradoiro sonoro: escoita selectiva DIY

Distribución de películas: festivais e vendas

Información para os obradoiros

Taxas: 40 € público en xeral

Descontos aplicables: -25% para membros da comunidade universitaria e -50% para bolseiros do MEC

Neste punto débatese sobre os diferentes obradoiros impartidos no Campus, para que se eviten solapamentos co título de Posgrao de Moda, e que se consulten ós centros sobre as ofertas dos distintos obradoiros.

Apróbase a oferta de obradoiros por asentimento dos presentes.



4. Rogos e preguntas.

D^a. Micaela Campanini, pregunta o Sr. Reitor sobre o Decreto 3+2 ¿Como se vai a informar a comunidade universitaria e como será a participación para o seu desenvolvemento?

O Sr. Reitor responde que o 16 de febreiro reúnese a Conferencia de Reitores para argumentar e establecer pautas na CREU, para informar ós estudantes de tódolos centros, incluídos os nosos, antes do fin do curso.

D. Juan Carlos Meana, agradece as felicitacións do Reitor polo premio acadado.

Pregunta tamén polas becas de calidade, na que se detectan problemas de calendario, xa que saen aproximadamente no mes de abril, e a beca ten unha duración ata decembro, o que as fai pouco operativas.

O Sr. Reitor informará deste tema a área de calidade para que o estudie.

D. Juan Carlos Meana, pregunta pola normativa de recoñecemento dos TFG, na que se observa unha redución das desgravacións docentes de 10 a 5 horas. Isto provoca malestar no profesorado, xa que hai moitas horas que se titorizan e despois non se recoñecen, e ademais as horas que computan o fan no curso seguinte.

O Sr. Reitor sinala que no contexto actual no é posible, porque as horas ligadas a recoñecementos teñen aumentado moito e no actual contexto económico non se poden contemplar máis reducións. Como criterio sistemático de distribución a UVIGO é a que máis horas desconta.

D. Carlos Mollinedo, sinala respecto a RPT do PDI ós sindicatos, que se está a facer unha simulación desde cero e preténdese ter unha proposta no outono, para que se proceda, sexa aprobada en Outubro e se intente conseguir así a mellor distribución posible.

O Sr. Reitor sinala que o profesorado a tempo completo ten que ter máis dispoñibilidade para cubrir máis horas da carga académica. E sempre se ten en conta a protección de toda o cadro de persoal. Tamén hai que contemplar os ditames do Tribunal de Contas para axustar o cadro de persoal das universidades.

D. Juan Picos, sinala respecto os TFG que tódolos profesores da Escola de Enxeñería Forestal poden dirixilos.



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



O Sr. Reitor sinala que elaborará unha instrución reitoral para a dirección dos TFG.

D. Carlos Mollinedo, solicita que si dentro do stand da UVIGO en EDUGAL, podería ter protagonismo as titulacións do Campus de Pontevedra.

D^a. Francisca Fariña, sinala que a wifi da Facultade de CC. da Educación e do Deporte, non funciona axeitadamente, para que se dean instrucións os servizos informáticos e resolvan o problema.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:06 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra a 10 de febreiro de 2015

O Secretario

José Luis García Soidán